




**IX Xornadas de Divulgación Científica
do Patrimonio Arqueolóxico Lucense**

A MEMORIA DA PEDRA

**O CLAUSTRO DO MUSEO PROVINCIAL
DE LUGO E AS COLECCIÓNIS QUE ALBERGA**



Museo Provincial de Lugo

10 e 11 abril • 2026

MOTIVACIÓN

O pasado 2025, co gallo da celebración do 570 aniversario do claustro do Museo Provincial de Lugo, deron comezo os traballos de mellora e acondicionamento deste senlleiro espazo do museo. Estas intervencións continúan en 2026, cando se cumpren 95 anos da súa declaración como Monumento Histórico-Artístico (Decreto do 3 de xuño de 1931), actualmente Ben de Interese Cultural.

A tal efecto, organizamos un espazo de reflexión, debate e intercambio para analizar a historia do claustro do MPL e das coleccións arqueolóxicas que alberga, nunhas xornadas abertas e accesibles á cidadanía nas que se estudará este emblemático monumento como arquitectura e como espazo museal, seguindo como fío condutor a pedra, material que garda a memoria dos canteiros e artistas artífices da súa construción e da factura dos bens culturais que se expoñen ao abeiro das súas arcadas: un total de 205 pezas arqueolóxicas, as máis antigas do s. I e as máis modernas do s. XIX.

OBXECTIVOS

- Abordar, desde diferentes perspectivas, a historia e o contexto do claustro do MPL e das súas exposicións de arqueoloxía.
- Relacionar a transferencia do coñecemento coas sinerxías de valor social, a nivel local e xeral, desde formulacións interdisciplinares e transversais.
- Visualizar estratexias de socialización, difusión e divulgación científica para un mellor coñecemento do claustro do MPL.
- Contribuír ao seu estudo científico por parte de investigadores e institucións para xerar novos contidos e transferilos a sociedade.
- Dar a coñecer as pezas das coleccións de arqueoloxía do MPL que se expoñen no claustro, así como a memoria histórica do patrimonio inmaterial asociado a este espazo.
- Integrar e relacionar a profesionais de diversas disciplinas (historia, arte, arqueoloxía, epigrafía, heráldica, educación, turismo, xestión cultural, xornalismo, música, creación artística...), establecendo colaboracións para interactuar conxuntamente.
- Crear un espazo de reflexión, debate, intercambio e participación interdisciplinar aberto á cidadanía.
- Comunicar o patrimonio cultural cun enfoque pluridisciplinar, integrador e sostible.
- Promover as boas prácticas de actuación para incentivar o desenvolvemento cultural.
- Fomentar as relacións institucionais con outras entidades académicas e culturais para establecer camiños converxentes de actuacións.

DATOS TÉCNICOS

LUGAR: Salón de Actos da Deputación Provincial de Lugo

PRAZAS: 130 presenciais

MODALIDADES: Presencial e en liña

INSCRICIÓN: Obrigatoria a inscrición previa, gratuíta e por rigorosa orde de entrada. Enviarase diploma acreditativo de asistencia ás xornadas (13,5 horas lectivas). Para a súa obtención é preciso asistir ao 75% das sesións

ORGANIZACIÓN: Museo Provincial de Lugo

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN CIENTÍFICA: Aurelia Balseiro García (directora do Museo Provincial de Lugo), e M.^a Ofelia Carnero Vázquez (Departamento de Arqueoloxía/Historia do MPL)

SECRETARÍA TÉCNICA: Victoria García Soengas (Negociado de Coleccións do MPL)

COLABORACIÓN: Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Alicante, Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS-CSIC), Centro de música Glissando

PROGRAMA

Venres, 10 de abril

- 09:00 h Acreditación de asistentes.
09:30 h Presentación oficial.
09:45 h Conferencia inaugural. *San Francisco de Lugo. Claustro, espazos e significados*. Dolores Fraga Sampedro.
10:30 h *Dende o alto das columnas: un percorrido pola colección de capiteis expostos no claustro do Museo Provincial de Lugo*. Celia Vila Fernández.
11:15 h *O soño eterno no claustro: os sepulcros do Museo Provincial de Lugo*. Marta Cendón Fernández.
12:00 h Pausa.
12:30 h *A colección de heráldica no Museo Provincial de Lugo*. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés e Pablo S. Otero Piñeyro Maseda.
13:15 h *A pedra como soporte do sagrado: mobiliario relixioso e escultura devocional no claustro do Museo Provincial de Lugo*. Dolores Barral Rivadulla.
14:00 h Debate-coloquio.



- 16:30 h *Os franciscanos en Lugo: o convento de San Francisco*. Juan Manuel Buján García.
17:15 h *Do patrimonio cultural á experiencia dixital: máis alá da tecnoloxía*. Manuel Gago Mariño.
18:00 h Mesa redonda: *Relatorios e memorias de patrimonio inmaterial. Historias arredor do claustro do Museo Provincial de Lugo*. Antonio Reigosa e Marta Prieto. Modera: Aurelia Balseiro García.
19:15 h Concerto da orquestra de cámara Lug con proxección de Marta Prieto.
20:30 h Finalización da xornada.

PROGRAMA

Sábado, 11 de abril

- 10:00 h *A colección epigráfica romana do Museo Provincial de Lugo*. Juan Manuel Abascal Palazón.
11:30 h *Petra Scripta: a epigrafía medieval no Museo Provincial de Lugo*. Carlos Andrés González Paz.
12:00 h Pausa.
12:30 h Mesa redonda: *De espazo conventual a destino cultural: o claustro do Museo Provincial e Lugo desde a perspectiva do turismo patrimonial*. Mónica Díaz, Esther Acitores, Beatriz Pérez e Manuel Gago. Modera: Aurelia Balseiro.
14:00 h Debate coloquio.
14:30 h Clausura.



Claustro do Museo Provincial de Lugo (ala oeste)

CONTIDOS/RESUMOS

Petra Scripta: a epigrafía medieval no Museo Provincial de Lugo

Carlos Andrés González Paz

Con esta contribución de verniz histórico, cuxa extensión se atopa limitada no tempo dispoñible, desenvolverase unha achega a determinados casos, considerados mostras paradigmáticas da epigrafía medieval galaica, que cronoloxicamente se encadran desde a Antigüidade Tardía ata a Idade Media tardía e que territorialmente se estenden desde as antigas terras de Quiroga até o ecosistema cultural do claustro do Museo Provincial de Lugo. Sen dúbida, a encomenda recibida aparentaba sinxela, ata que, comezado o itinerario, se amosou a verdadeira dimensión da achega aceptada, debido fundamentalmente ao coartado universo de estudos marcantes de epigrafía medieval no antigo Reino de Galicia. Trala temperá toma de consciencia da dimensión da misión encomendada e superada a vertixe do punto de partida, deseñouse a doada metodoloxía, centrada na andaina de sobranceiros camiños andados, iniciándose desde esta perspectiva a busca, o baleirado, a selección e a descrición de exemplos destacados na contada bibliografía especializada. Neste sentido, desgraciadamente, nesta ribeira do río Miño, aínda non existe un inventario comparable á monumental *Epigrafía medieval portuguesa (862-1422)* de Mário Jorge Barroca [Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, 2000].

Dende o alto das columnas: un percorrido pola colección de capiteis expostos no claustro do Museo Provincial de Lugo

Celia Vila Fernández

Entre o funcional, o ornamental e o simbólico, os capiteis imbrícanse nunha encrucillada entre arquitectura e escultura, e convértese nunha das pezas máis características das construcións de múltiples civilizacións dende a Antigüidade. O claustro do Museo Provincial de Lugo acubilla unha valiosa colección de exemplares comprendidos entre á Alta Idade Media e ata entrada á Idade Moderna, procedentes tanto de construcións urbanas como de ámbitos de carácter rural. A partir destes exemplos, ademais de introducir o capitel como peza dende un punto de vista técnico, é posible reconstruír unha xenealoxía das formas, incidindo neste sentido sobre a importancia da natureza como elemento constante ao longo dos séculos e observando a evolución nas súas representacións. Por outra banda, algúns casos de capiteis figurados permiten comprendelos como transmisores de mensaxes, un recurso empregado de maneira particular durante o período románico. Así, por medio deste discurso búscase poñer en valor os exemplos de capiteis lucenses subliñando a súa singularidade á vez que se integran nun contexto máis amplo, co fin de comprendelos na súa totalidade.

A colección de heráldica no Museo Provincial de Lugo

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Pablo S. Otero Piñeyro Maseda

O Museo Provincial de Lugo conserva no claustro do antigo convento de San Francisco unha colección ampla e diversa de labras heráldicas, xunto con algunhas testemuñas de escultura funeraria, as cales merecen complementarse coas que aínda se gardan na antiga conventual franciscana. O análise destes materiais -máis aínda nunha colección tan heteroxénea- esixe unha contextualización previa. É esencial comprender a orixe e a evolución do fenómeno heráldico: cando, como e con que finalidade comezaron a empregarse estes emblemas, e de que modo se adoptaron e transformaron co tempo, tanto no plano conceptual (significados engadidos e connotacións sociais) como no formal. Só desde estes parámetros se pode explicar a súa continuidade durante máis de oito séculos e valorar o seu interese como fonte histórica. A iso debe engadirse a correcta datación e identificación de cada peza, tarefas imprescindibles aínda que non sempre tan exactas como desexaría o público non especializado. Para datar, é necesario coñecer usos, pautas de presentación e modas de cada contexto; para identificar, resulta clave entender a paisaxe social de referencia. O último paso a tratar afecta xa á correcta e necesaria descrición das testemuñas: o blasonamento. Para abordar a cuestión con acerto é preciso, primeiro, coñecer como se dispoñen, organizan e combinan as formas heráldicas, así como posuír un certo dominio da linguaxe heráldica, conformado por vocábulos e xiros propios. Tamén importa moito a precisión, o que esixe evitar a ampulosidade e priorizar, sempre, o que ten verdadeiro valor significativo, describindo con exactitude a súa disposición e eludindo os detalles que afectan á pericia e gusto de artista.

A colección epigráfica romana do Museo Provincial de Lugo

Juan Manuel Abascal Palazón

O claustro do Museo Provincial de Lugo alberga unha das máis importantes coleccións de inscricións votivas da Hispania romana. O interese destas pezas radica en estar asociadas en moitos casos á información arqueolóxica de orixe, o que asegura o seu valor para a historia das prácticas relixiosas na cidade e provincia de Lugo. No conxunto destacan dous altares coa invocación *Laho Paraliomego*, que son testemuñas únicas deste culto. Tamén se atopan no claustro epígrafes singulares doutras categorías, como os dous fragmentos de senllas dedicatorias en honor de Augusto realizadas por Paulo Fabio Máximo.

CONTIDOS/RESUMOS

Entre as inscricións funerarias hai que destacar as que mencionan a unha muller da etnia dos *Coelerni* e a un *princeps dos Copori*; sen esquecer as relativas a un antigo arquivista oficial, a un liberto imperial ou a unha empregada da muller dun senador do século III.

Os franciscanos en Lugo: o convento de San Francisco

Juan Manuel Buján García

San Francisco de Asís peregrina a Santiago no ano 1214 e deste acontecemento fanse eco *Las florecillas* no capítulo 4: “En los comienzos de la Orden... San Francisco fue a Santiago por devoción a Santiago de Galicia”, e aquí ten unha revelación de que debía fundar moitos conventos no mundo, superando a súa forma de vida de comunidade itinerante para dar paso a unha familia relixiosa con casas e goberno estable. Se a tradición escrita pode poñerse en tela de xuízo, as abundantes testemuñas artísticas referendan a importancia de Francisco e dos franciscanos a finais do século XIII con diversas fundacións: Santiago (1214), Lugo (1214) Ourense (1252), Pontevedra (1274). Neste relatorio farase un percorrido desde a súa fundación ata os nosos días, resaltando os aspectos máis importantes da evolución do convento, da súa forma de vida e das súas actividades, destacando os principais acontecementos históricos que lle afectan e interrompen no tempo a súa presenza na cidade ata a súa restauración, salvando o seu deterioro co establecemento do Museo Provincial de Lugo.

Do patrimonio cultural á experiencia dixital: máis alá da tecnoloxía

Manuel Gago Mariño

A tecnoloxía dixital é desde hai xa décadas, unha ferramenta habitual na divulgación do patrimonio cultural e, como é lóxico, a evolución técnica e sobre todo a diversificación de posibilidades e recursos da dixitalización, plasmouse en todo tipo de proxectos de patrimonio dixital, tanto nas súas variantes *online* como *offline*. Esta diversidade permite hoxe ampliar as capacidades das entidades custodias e difusoras do patrimonio para chegar a públicos diversos e construír novos xeitos de comprender este patrimonio. Porén, a fascinación polas posibilidades tecnolóxicas ten esquecido as capacidades narrativas propias das narrativas dixitais á hora de contar o patrimonio. Este relatorio quere analizar boas prácticas na construción de experiencias dixitais de patrimonio cultural, explorando as últimas tendencias e a inminente irrupción da intelixencia artificial nos proxectos de posta en valor do patrimonio.

A pedra como soporte do sagrado: mobiliario relixioso e escultura devocional no claustro do Museo Provincial de Lugo

María Dolores Barral Rivadulla

O presente traballo aborda o estudo do mobiliario relixioso en pedra conservado no claustro do Museo Provincial de Lugo, centrando a análise na escultura devocional e os baldaquinos como manifestacións significativas da arte sacra. A través dun enfoque histórico-artístico, examínanse estas pezas atendendo ás súas características formais, iconográficas e funcionais, así como ao seu papel dentro dos espazos litúrxicos ou devocionais para os que foron concibidas. A pedra preséntase neste contexto como un soporte privilexiado para a materialización e preservación do sacro. As obras tratadas reflicten prácticas relixiosas concretas, vinculadas tanto ao culto oficial como á devoción popular, e permiten comprender a relación entre obxecto, espazo e experiencia relixiosa. Así mesmo, o traballo reflexiona sobre o proceso de musealización deste mobiliario relixioso, analizando como o traslado destas pezas a unha contorna museística condiciona a súa interpretación e percepción actual. Neste sentido, o museo actúa como mediador entre o obxecto e o público, favorecendo novas lecturas patrimoniais. En conxunto, o estudo contribúe á revalorización do mobiliario relixioso pétreo como parte fundamental do patrimonio histórico-artístico, subliñando a súa importancia material, simbólica e cultural dentro da tradición relixiosa.

San Francisco de Lugo. Claustro, espazos e significados

María Dolores Fraga Sampedro

Analízase o antigo claustro de San Francisco de Lugo, nun achegamento á súa traxectoria edilicia e aos axentes que impulsaron o proxecto. Os espazos da súa contorna, o seu significado e función polivalente son outros aspectos para indagar.

CONTIDOS/RESUMOS

O soño eterno no claustro: os sepulcros do Museo Provincial de Lugo

Marta Cendón Fernández

No Museo Provincial de Lugo atópanse catro sepulcros correspondentes a dous eclesiásticos e dous cabaleiros. Un pertence a Frei Andrés Pardo, abade de San Vicente do Pino e os restantes, procedentes da igrexa parroquial de Esporiz (Monterroso), a tres membros da mesma familia: o clérigo Antonio Salgado Gundín, o seu fillo Payo, e o seu neto Juan. Trataremos de analizar cada conxunto, tanto na súa orixe como no seu estado actual. No primeiro caso, o seu paso pola igrexa de Santa María de Régoa, o seu achado e traslado ao Museo, así como a súa vinculación coa lenda da “Coroa de lume”. Polo que respecta aos membros da familia Salgado Gundín, a súa situación na igrexa de Esporiz, onde se conserva un escudo cuxa factura se corresponde cos sepulcros dos cabaleiros, e a relación cos pazos de Podente e Borraxeiros, adquisicións de Antonio Salgado para os seus fillos. Aínda que a súa cronoloxía corresponde xa ao século XVI, a súa morfoloxía segue sendo debedora dos sepulcros medievais, como se mostrará a través de exemplos galegos baixomedievais.



Inscripción dedicada por Saturninus. s. III. Muralla romana de Lugo

ORGANIZACIÓN E PARTICIPANTES



Antonio Reigosa Carreiras

Antonio Reigosa Carreiras, (Zoñán, Mondoñedo), é un escritor, investigador e divulgador da mitoloxía popular e da literatura galega de tradición oral. Traballou como responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística Provincial de Lugo. Cofundador do grupo de Investigación Etnográfica “Chaira”, galardoado co premio Mestres da Memoria do 2025. Relator en numerosas xornadas e congresos. Participa en campañas de promoción da lectura nos centros de ensino, bibliotecas e asociacións culturais. Creador e coordinador de contidos da *Enciclopedia Virtual “Galicia Encantada”*. Membro do Comité de Expertos en investigación de campo, do proxecto Corpus de Literatura Oral. Foi vogal responsable de literatura de tradición oral da AELG, onde coordinou os proxectos Polafías e Mestres da memoria, creados para documentar e divulgar os valores da oralidade e da cultura popular. En xaneiro de 2015, foi nomeado Cronista Oficial de Mondoñedo. É autor, ou coautor, de máis de 40 títulos de textos literarios ou de investigación, como *Memorias dun raposo* (1988) co que gañou o premio Merlín, ou *Resalgario* (2001), novela, Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil 2000. Coautor de outras publicacións como *Polavila na Pontenova*, *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999), *Antoloxía do conto galego de tradición oral* (2002).



Aurelia Balseiro García

Licenciada con grao en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela coa especialidade de Museoloxía (1985-1990). CAP e Diploma de Estudos Avanzados pola USC (1993), institución onde realizou tamén os cursos de doutoramento no Departamento de Historia I. É directora do Museo Provincial de Lugo desde 2008. É autora de preto de 200 publicacións científicas e divulgativas en revistas, prensa, boletíns, actas de congresos ou en libros colectivos con temas relacionados coa arqueoloxía do ouro, o patrimonio, a historiografía, a arte, os artistas, os museos, etc., e de tres libros sobre ourivería castrexa, publicados en 1994, 2000 e 2013. É editora científica e coautora de *A Colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo* (2018), da publicación dixital *Percorridos pola colección Numismática do Museo Provincial de Lugo* (2021) e *De monetaria galega. Galiza e a súa moeda dende a Antigüidade ata os nosos días* (2023). En 2022 publicou *O Museo Provincial de Lugo. Orixe e consolidación* (1932-1982).



Beatriz Pérez Pereira

Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, coas especialidades de Museoloxía e Historia, Arte e Xeografía de Galicia. Dende 1998 é guía turística especializada de Galicia, realizando acompañamento e asistencia a grupos turísticos nacionais e internacionais para Turoperadores, Axencias de viaxe de receptivo nacionais e internacionais, Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais, Universidades, Concellos, Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, asociacións de diversa índole, etc. A Ribeira Sacra foi sempre o seu espazo de traballo, sendo unha das fundadoras de Máis que Románico Rutas S.C. Recentemente, en colaboración co Gdr Ancares Courel participou na publicación da *Guía del Románico de Ribeira Sacra y Courel*, tendo xa colaborado na *Guía de Románico de Ribeira Sacra*, publicada polo Ecomuseo de Arxeriz. Na actualidade a súa liña de traballo oríentase ao desenvolvemento de produtos que combinen patrimonio natural, patrimonial, arqueolóxico e inmaterial sempre baixo ópticas locais e sostibles.

ORGANIZACIÓN E PARTICIPANTES



Carlos Andrés González Paz

Licenciado con grao en Humanidades (Universidade de Santiago de Compostela, USC), especialista en Historia Medieval (Universidade do Porto, UP) e doutor en Historia Medieval (USC). As súas liñas de investigación no Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento [Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) – Xunta de Galicia] céntranse no artellamento socioeconómico da paisaxe medieval, a historia relixiosa da Galicia medieval, a historia social das mulleres na Galicia medieval, a socioloxía histórica da peregrinación e o Camiño de Santiago. Foi bolseiro de posgrao da Fundación Barrié. É investigador asociado do Centro de Estudos de Historia da Cidade (CEHC) da Universidade de Santiago de Compostela (USC), así como investigador colaborador do Centro de Investigación Transdisciplinar «Cultura, Espaço e Memória» (CITCEM) da Universidade do Porto (UP). Desde o ano 2008, coordina os «Coloquios Internacionais Compostela» [Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC – Commission Internationale d’Histoire et d’Études du Christianisme, CIHEC]. É membro do consello de redacción das revistas *Cuadernos de Estudios Gallegos*, do CSIC e *Rudesindus*, da Academia Auriense-Mindoniense.



Celia Vila Fernández

Graduada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela (2021), onde realizou tamén o Mestrado en Estudos Medievais Europeos (2022) sendo bolseira de colaboración co Departamento de Historia da Arte (2021-2022). Actualmente está a desenvolver a súa tese doutoral dentro do Programa de Doutoramento en Estudos Medievais da USC, ao amparo dun contrato predoutoral de Formación de Profesorado Universitario garantido polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. As súas liñas de traballo xiran en torno ao patrimonio medieval en Galicia, especialmente no relativo á creación e ao uso tanto de espazos como de produtos artísticos vinculados co sacro. Durante a súa traxectoria predoutoral participou en congresos e seminarios nacionais e internacionais, publicou diversos artigos e coordinou distintas actividades de carácter científico, ademais de realizar unha estada de investigación en Francia dentro do Département d’Histoire de l’Art et Archéologie da Université Toulouse Jean-Jaurès.



Eduardo Pardo de Guevara y Valdés

Doutor en Historia Medieval pola Universidade Complutense de Madrid e antigo Profesor de Investigación do CSIC; na actualidade, é profesor *ad honorem* do CSIC (2022). Estivo destinado na Institución Milá i Fontanals, de Barcelona, e máis tarde no Instituto de Historia, de Madrid; en 1994 incorporouse ao Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS) de Santiago de Compostela, do que foi director (1994-2022), e na actualidade o seu director honorario. As súas investigacións céntranse no ámbito da Historia da Baixa Idade Media e, de maneira máis específica, na historia social do poder, cultivando complementariamente os estudos de Xenealoxía e Heráldica medievais. É autor dunha vintena de libros e edicións, e dun centenar longo de artigos e máis de medio centenar de prólogos e introducións. É vicepresidente do Comité Español de Ciencias Históricas e, desde 2017, presidente do Instituto Internacional de Xenealoxía e Heráldica. É vicepresidente da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia. Pertence a máis dunha vintena de institucións e corporacións académicas, nacionais, estranxeiras e internacionais, sendo académico titular ou de número da Academie Internationale de Généalogie e da Academie Internationale d’Héraldique, supernumerario da Real Academia Matritense de Heráldica y Genealogía ou correspondente da Real Academia de la Historia e da Real Academia Hispanoamericana de Cádiz.

ORGANIZACIÓN E PARTICIPANTES



Esther Acitores Salvador

Diplomada en empresas e actividades turísticas pola Escola Oficial de Turismo de Madrid con Certificado de Aptitude Pedagóxica pola USC. É guía especializada en Galicia desde 2009, cos idiomas inglés, francés e italiano, e realizou diversas actividades formativas relacionadas coa xestión hostaleira, o turismo e o patrimonio cultural. Conta con ampla experiencia na realización de tours turísticos en España e Portugal, así como na organización de grupos, congresos, eventos, etc. Na actualidade está cursando o Grao en Xeografía e Historia pola UNED e o Máster en Dirección e Planificación do Turismo pola Universidade de Vigo.



Juan Manuel Abascal Palazón

Catedrático de Historia Antiga da Universidade de Alicante. Académico correspondente da Real Academia da Historia, do Deutsches Archäologisches Institut e da Real Academia Sevillana de Buenas Letras. Autor de máis de 400 publicacións sobre Historia Antiga e Arqueoloxía, moitas delas relativas ás inscricións romanas de Galicia, entre as que cabe citar o libro *Estudios sobre el hábito epigráfico en Hispania citerior*, basicamente referido a terras galegas, e os catro volumes sobre a Epigrafía romana de Galicia relativos ás provincias de A Coruña e Ourense. Na actualidade prepara a edición dos tomos correspondentes a Pontevedra e Lugo.



Juan Manuel Buján García

Licenciado en Xeografía e Historia e en Teoloxía pola Universidade de Salamanca, e en Ciencias Relixiosas pola Universidade Pontificia de Salamanca. Exerceu o ensino como profesor nos Institutos de Coia 2 (Vigo) e María Soliña (Cangas) e foi director do Colexio Franciscano de Lugo entre 1983 e 2019. Membro da Xunta Directiva de Escolas Católicas de Galicia (1983-2023) e en Madrid (1996-1998 e 2015-2023) e membro do Patronato da Fundación Educere (2012-2023). Publicou varios artigos relacionados co Franciscanismo en Galicia e é director da revista *Liceo Franciscano*. En 2024 foi o comisario executivo da exposición *Tesouros reais. Obras mestras do Terra Sancta Museum*, en Santiago de Compostela.



Manuel Gago Mariño

Xornalista, divulgador cultural e profesor da Universidade de Santiago de Compostela. Manuel Gago é director de culturagalega.gal, a plataforma de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor na facultade de CC. da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Como escritor, é autor de diferentes novelas e ensaios ao redor do patrimonio cultural galego, como *Herdeiros pola forza. Patrimonio cultural, poder e sociedade na Galicia do século XXI* (2.0 Editora), en colaboración co arqueólogo Xurxo Ayán. Como comisario de exposicións, ten explorado as conexións entre memoria, historia, patrimonio e tecnoloxía, en mostras como *Ao pé do lar. Historias da gastronomía galega* (Fórum Gastronómico / Museo do Pobo Galego), *Galicia 100. Obxectos para contar unha cultura ou* (Consello da Cultura Galega), *Alba de Gloria de Castela: unha experiencia* (Consello da Cultura Galega), *Galicia, un relato no mundo*, (Cidade da Cultura / Xunta de Galicia), ou as sete exposicións de *Cidades no tempo* (Cidade da Cultura / Xunta de Galicia / Afundación). Gago desenvolve unha activa presenza en redes como divulgador cultural e do territorio galego.

ORGANIZACIÓN E PARTICIPANTES



María Dolores Barral Rivadulla

Doutora en Historia da arte pola Universidade de Santiago de Compostela desde o ano 1995. É profesora titular de Historia da Arte, participando de maneira activa nos cursos de grao e posgraduado, con especial dedicación á formación de Alumnado Sénior dentro do programa específico da USC. As súas liñas de investigación centráronse no urbanismo e nas distintas manifestacións artísticas da cidade da Coruña baixomedieval, así como sobre outros moitos elementos do patrimonio cultural medieval galego: caso da iconografía do apóstolo Santiago, a revisión do coñecido sobre os baldaquinos, o estudo do Camiño de Santiago no seu itinerario portugués ou a clarificación e/ou identificación no seu caso dos chamados “neocamiños” que conducían a Santiago durante a Idade Media. Membro do Comité Científico do Boletín do Museo Provincial de Lugo desde abril de 2019. Polo que se refire ao campo de achegas á sociedade, a maior parte delas orientáronse á difusión e transmisión de coñecemento, ás veces por invitación de concellos ou no marco de proxectos docentes oficiais, como docente no IV Ciclo USC e tamén no programa Democratización do Coñecemento da USC.

María Dolores Fraga Sampedro

María Dolores Fraga Sampedro é profesora titular no departamento de Historia da Arte, Universidade de Santiago de Compostela. Desenvolve a súa investigación vinculada ao grupo Iacobus. Proxectos e Estudos sobre Patrimonio Cultural (grupo de investigación GI-1907). Algunhas das súas investigacións orientáronse ao estudo das capelas medievais, arte das ordes mendicantes en Galicia e Portugal, estudo do patrimonio arquitectónico a partir das fontes documentais, arte e cultura visual na Idade Media, textos e imaxes acerca da iconografía de santidad. Participou en diversos proxectos de investigación (Arte e poder en Galicia dos Trastámara, Iconografía do Outro, Catedrais galegas na Idade Media, entre outros) e realizou informes histórico-artísticos para a rehabilitación de arquitectura medieval galega. A partir destas liñas de investigación, publicou numerosos artigos e capítulos de libros. Así se deben mencionar, entre outros, *Aproximación á topografía espiritual de Santiago na Baixa Idade Media: antigas e novas devocións* (2014), *Ad Limina. Revista de investigación do Camiño de Santiago e as peregrinacións*, (en colaboración con M^a Luz Ríos Rodríguez); *Propostas italianas: imaxes e relatos na Castela medieval*, en *Viaxes e camiños: relacións interculturais entre Italia e España* (2016); *Da monarquía á burguesía. Empresas artísticas nos conventos femininos da Galicia medievla*, en *Reti Medievali*, 31, Firenze, (en colaboración con Marta Cendón); *Memoria da nobreza nos conventos Terciarios galegos. Aniversarios e enterramentos (séculos XIV-XV)*, en *Signo. Revista dá Abrem* (2018) en colaboración con M^a Luz Ríos. Algúns capítulos de libros destacados son froito da colaboración con M^a Luz Ríos e Marta Cendón Fernández.



Marta Prieto

Marta Prieto defínese como creativa visual. O seu perfil é multidisciplinar e versátil. Fusiona a arte, a arquitectura, o deseño e a xestión cultural. Como artista o seu traballo destaca por unha sensibilidade especial cara á memoria, o espazo e a luz. Traballa en diferentes soportes, a vídeo-instalación, a performance, fotografía, etc. sempre desde unha perspectiva pictórica. Defende unha visión da arte e o deseño sen divisionismos. Partidaria por involucrar ás persoas no proceso creativo e artístico como actuación social. Ao longo da súa carreira, realiza numerosas exposicións individuais e colectivas. Na súa faceta arquitectónica, participa en numerosos proxectos de calado nacional, aparecendo en revistas especializadas,

ORGANIZACIÓN E PARTICIPANTES

publicacións do sector e en exposicións como a realizada no CGAC en Santiago de Compostela. "Avance dunha continencia" arquitectura moderna en Galicia. Foi socia fundadora do estudo de arquitectura U.M.U entre outros. Como xestora cultural realiza comisariados expositivos, mesas redondas, distintas direccións editoriais, etc. Tamén directora por Navarra para Festival Miradas de Muller, mulleres no mundo da arte contemporáneo. Posteriormente xera o festival MMÁS Navarra (Mujeres Más. Artistas contemporáneas). Funda e dirixe a galería Artemenudo en 2008, este espazo pioneiro na coñecida Rúa dá Cruz "unha galería grande para obras pequenas", cuxo obxectivo é dinamizar e democratizar o coleccionismo artístico, achegando pezas de pequeno formato a todo tipo público. É unha figura clave na dinamización cultural en Lugo e fora de Galicia, a través de todas as súas facetas.

Fotografía- J. Belle. Redes, A Coruña, 2025.



María Ofelia Carnero Vázquez

Licenciada en Xeografía e Historia, coas especialidades de Arte Antiga e Medieval e Museoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) (1982-1988). Responsable do departamento de Arqueoloxía/Historia do Museo Provincial de Lugo, onde traballa desde 1990 en tarefas de inventariado, catalogación, difusión e montaxe de exposicións. Membro fundador do equipo de investigación etnográfica "Chaira", dedicado ao estudo da literatura oral popular en Galicia, e como tal, coautora dos libros *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998) e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (2004). Relatora en diferentes xornadas pedagóxicas e cursos de Arte Galega do MPL. Outras publicacións nas que participou son *Maruja Mallo, la gran desconocida de Galicia* (1995), *Arqueoloxía: /1990-2005/* (2010), *A Plástica provincial romana no Museo de Lugo* (2011) e *A Colección de Ourivería Antiga do Museo Provincial de Lugo* (2018). Coautora da publicación dixital *Percorridos pola colección Numismática do Museo Provincial de Lugo* (2021).



Marta Cendón Fernández

Catedrática de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Obtivo o grao de licenciada coa súa tesina sobre *Los Sotomayor ante la muerte y su reflejo en el Arte, ss. XIV-XV*, dirixida polo Prof. Dr. Núñez Rodríguez, quen tamén dirixiu a súa tese doutoral sobre *Iconografía funeraria del obispo en la Castilla de los Trastámara*, defendida en 1995 coa máxima cualificación e a acreditación de Doutor Europeo. Realizou estancias en centros estranxeiros e españois como Estrasburgo, Madrid, París e Perugia. Dirixiu un total de 13 teses doutorais e outras catro están en curso. Entre os seus libros destacan *La catedral de Tui en época medieval*. Así mesmo, publicou diversos artigos e capítulos de libros sobre a catedral de Tui, a imaxe da nobreza na Idade Media galega, a escultura funeraria de bispos, e outros temas enmarcados sempre no medievo: a idea da morte, e aspectos iconográficos vinculados coa natureza, a vida cotiá, a muller, peregrinación, haxiografía, e devocións. Participou en múltiples congresos, cursos e simposios en España, Portugal, Francia, Marrocos, Brasil, no Uruguay e na Arxentina. É membro do grupo de investigación *IACOBUS. Proyectos y estudios sobre patrimonio cultural e do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais* (CISPAC).

ORGANIZACIÓN E PARTICIPANTES



Pablo S. Otero Piñeyro Maseda

Licenciado e Doutor en Historia, ambos con Premio Extraordinario, pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Desde 2017 é Científico Titular do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), no Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS). En 2021 accedeu á vicedirección do IEGPS, sendo o seu actual director desde o mes de outubro de 2022. As súas liñas de investigación céntranse na área das Ciencias e Técnicas Historiográficas —ámbito do patrimonio documental— e, en particular, na localización, identificación, análise e transcripción de fontes diplomáticas, epigráficas e heráldicas dos séculos XIII ao XVI para o estudo, desde distintos posicionamentos, dos grupos de poder. É e foi investigador principal dunha serie de proxectos, todos eles relacionados co patrimonio documental dos arquivos familiares galegos e a casa señorial en Galicia (séculos XIII-XVII). A súa actividade investigadora quedou reflectida en seis monografías —un libro e dous volumes de coleccións documentais, aos que se engaden outras tres coleccións documentais en coautoría—, unha ducia de capítulos de libros e en torno a unha trintena de artigos publicados en revistas con arbitraxe científica. Participou en congresos, seminarios, mesas redondas e outras actividades de extensión científica, de carácter nacional e internacional. É membro e secretario do Consello de Redacción da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* e das súas dúas series bibliográficas, *Anejos e Monografías*, sendo director da primeira delas. É vogal da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia e membro titular da *Académie Internationale de Généalogie*.



Claustro do Museo Provincial de Lugo (detalle)

CONCERTO MUSICAL NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Orquesta de Cámara Lug

<i>Aire</i>	J. Dowland
<i>Dúas danzas escocesas</i>	F. Schubert
<i>Da que deus mamou</i>	Alfonso X
<i>Santa María Estrela do día</i>	Alfonso X
<i>O maio</i>	Tradicional
<i>Arrolo</i>	Cancioneiro Torner Bal y Gay
<i>Lela</i>	Rosendo Mato
<i>Os teus ollos</i>	Chané
<i>Muiñeira de Poio</i>	Tradicional
<i>Muiñeira de Lugo</i>	Tradicional

A Orquesta de Cámara Lug é unha agrupación inicialmente formada polos alumnos maiores de idade do Centro de Música Glissando, aínda que pouco a pouco se foi reforzando con alumnos máis novos. Esta agrupación naceu para favorecer a formación musical do alumnado do centro e favorecer a convivencia interxeracional. O pasado mes de febreiro cumpriu o seu terceiro ano de existencia, e neste tempo realizou multitude de concertos na nosa cidade, para difundir a música de orquesta de corda, así como a música tradicional galega, tocando en múltiples emprazamentos tales como O Círculo das Artes, O Centrad, o Hula... e participando en diversos actos culturais, como a Semana do Corpus Lucense, ou galas benéficas, como a realizada anualmente pola Igrexa de San Francisco Javier en prol de Cáritas Diocesana ou na gala Diez Razones a prol da asociación Raiolas Lugo.

A nosa formación é clásica en canto á súa disposición de voces e instrumentos e está formada por preto de vinte músicos: Tista Besteiro, José Luis López, Nacho Rodríguez, Abraham Fernández, Leo Lanseros, Darío Pintos, Danielli Rodrigues, Carolina Torrijos, Rosalía Durán, Irene Abeledo, Jimena Figueroa, Isaac Fernández, Lucía Méndez, Santiago Ben, Ana Souto, Diego Rodríguez, Rocío Bouza, Patricia Rodríguez, Carmela Besteiro e Bernardino Pardo.

Dirixe: Manuel Fernández Gayol



Orquesta de Cámara Lug

ACTIVIDADES PARALELAS

Con motivo do programa de posta en valor do claustro do Museo Provincial de Lugo, artellamos dous proxectos arredor da celebración das IX Xornadas de Divulgación Científica do Patrimonio Arqueolóxico Lucense cos seguintes obxectivos:

- Complementar as xornadas e divulgar esta parte concreta do patrimonio custodiado no claustro do MPL.
- Transferir coñecemento e información rigorosa a partir das pegadas materiais do patrimonio moble e inmobile do claustro do MPL.

EXPOSICIÓN TEMPORAL NO CLAUSTRO

Patrimonio material e inmaterial do claustro do Museo Provincial de Lugo

LUGAR: claustro do Museo Provincial de Lugo

CONTIDO: Textos e imaxes ilustrativas sobre a historia e o patrimonio conservado no antigo claustro conventual franciscano.

MATERIAL EXPOSITIVO: cinco paneis autoportantes, susceptibles de préstamo externo posterior á mostra realizada con motivo da xornada divulgativa.

TEXTOS MPL: Aurelia Balseiro, M^a Ofelia Carnero, Victoria Soengas.

DURACIÓN: desde abril de 2026

CADERNO DIVULGATIVO

A memoria da pedra. O claustro do Museo Provincial de Lugo e as coleccións que alberga

CONTIDO: Presentación e prólogo • Introducción histórica • Petra scripta: a colección de epigrafía • Construindo coa pedra: elementos arquitectónicos • O tempo esculpido: a colección de reloxos de sol • O poder na pedra: a colección de heráldica • As formas da pedra: mostras escultóricas • Varios • A vida arredor do claustro: memoria e patrimonio inmaterial.

TEXTOS: Aurelia Balseiro, M^a Ofelia Carnero, Paula Salinas, Victoria Soengas.

BIBLIOGRAFÍA

- ALCORTA IRASTORZA, E. e BALSEIRO GARCÍA, A. (2012-2018): “Melloras e novidades no claustro do Museo Provincial de Lugo”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, Rede Museística da Deputación de Lugo, pp. 315-335.
- ARRIBAS ARIAS, F. (2011): *O claustro franciscano do Museo Provincial de Lugo*, Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo.
- BUJÁN GARCÍA, J. M. (1995): “Los franciscanos en Lugo. Centenario de su restauración” en *Lucensia t. VII*, n.º 14, pp. 77-96.
- CABARCOS FERNÁNDEZ, I. (2005): *Bases, fustes e capiteis. Catálogo de elementos columnarios medievais no Museo Provincial de Lugo*, Lugo, Deputación Provincial de Lugo.
- PÉREZ MARTÍNEZ, M. (1996): “Arquitectura mendicante en Galicia: el ejemplo de San Francisco de Lugo”, separata de *Estudios Mindonienses*, n.º 12, pp. 13-190.
- PÉREZ MARTÍNEZ, M. (1997): “El claustro del antiguo convento de S. Francisco de Lugo” en *Lucensia*, n.º 14, pp. 41-63.
- TRAPERO PARDO, J. (1989): “Museo. Claustro de San Francisco, Monumento Nacional y atractivo principal do Museo”, en *Lucus*, n.º 15, pp. 39-42.
- VÁZQUEZ PARDO, E. (1921): “El claustro del antiguo convento de San Francisco”, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Histórico-Artísticos de Orense*, t. VI, n.º 136, p.274.
- VÁZQUEZ SEIJAS, M. (1975): “El claustro de San Francisco de Lugo”, en *Boletín Auriense*, V, pp. 394-341.
- VILLAAMIL Y CASTRO, J. (1868): “Iglesia conventual de San Francisco de Lugo”, en *Revista de Bellas Artes e Histórico Arqueológicas*. Reprodución corrixida en folleto aparte, Lugo 1895.




**IX Jornadas de Divulgación Científica
del Patrimonio Arqueológico Lucense**

LA MEMORIA DE LA PIEDRA

**EL CLAUSTRO DEL MUSEO PROVINCIAL
DE LUGO Y LAS COLECCIONES QUE ALBERGA**

Castellano



MOTIVACIÓN

El pasado 2025, con motivo de la celebración del 570 aniversario del claustro del Museo Provincial de Lugo, dieron comienzo los trabajos de mejora y acondicionamiento de este singular espacio del museo. Estas intervenciones continúan en 2026, cuando se cumplen 95 años de su declaración como Monumento Histórico-Artístico (Decreto del 3 de junio de 1931), actualmente Bien de Interés Cultural.

A tal efecto, organizamos un espacio de reflexión, debate e intercambio para analizar la historia del claustro del MPL y de las colecciones arqueológicas que alberga, en unas jornadas abiertas y accesibles a la ciudadanía en las que se estudiará este emblemático monumento como arquitectura y como espacio museal, siguiendo como hilo conductor la piedra, material que guarda la memoria de los canteros y artistas artífices de su construcción y de la factura de los bienes culturales que se exponen al abrigo de sus arcadas: un total de 205 piezas arqueológicas, las más antiguas del s. I y las más modernas del s. XIX.

OBJETIVOS

- Abordar, desde diferentes perspectivas, la historia y el contexto del claustro del MPL y de las colecciones de arqueología que en el se exponen.
- Relacionar la transferencia del conocimiento con las sinergias de valor social, a nivel local y general, desde formulaciones interdisciplinares y transversales.
- Visualizar estrategias de socialización, difusión y divulgación científica para un mejor conocimiento del claustro del MPL.
- Contribuir a su estudio científico por parte de investigadores e instituciones para generar nuevos contenidos y transferirlos a la sociedad.
- Dar a conocer las piezas de las colecciones de arqueología del MPL que se exponen en el claustro, así como la memoria histórica del patrimonio inmaterial asociado a este espacio.
- Integrar y relacionar a profesionales de diversas disciplinas (historia, arte, arqueología, epigrafía, heráldica, educación, turismo, gestión cultural, periodismo, música, creación artística, etc.), estableciendo colaboraciones para interactuar conjuntamente.
- Crear un espacio de reflexión, debate, intercambio y participación interdisciplinar abierto a la ciudadanía.
- Comunicar el patrimonio cultural con un enfoque multidisciplinar, integrador y sostenible.
- Promover las buenas prácticas de actuación para incentivar el desarrollo cultural.
- Fomentar las relaciones institucionales con otras entidades académicas y culturales para establecer caminos convergentes de actuaciones.

DATOS TÉCNICOS

